



Texto: María Canosa

Ilustracións: Bea Gregores

Idioma: Galego

Encadernación: Tapa dura

Medidas: 21x29 cm

Páxinas: 56

I.S.B.N. 978-84-18667-29-9

P.V.P.: 17,50€

Este libro permítenos coñecer a vida de María Casares. Aclamada e admirada como actriz en Francia, sobrepúxose ás adversidades que lle tocou vivir na súa vida persoal; a Guerra Civil e o exilio, o amor tempestuoso e trágico con Albert Camus -un home casado e un dos intelectuais franceses máis importantes da primeira metade do século XX-, ou a morriña pola infancia feliz en A Coruña, foron o alimento da súa tenacidade por prepararse e estudar no teatro até chegar a converterse nunha icona mundial da interpretación e unha auténtica diva no senso máis amplo da palabra.

Antes da lectura



Poñer en situación o momento histórico, decisivo na vida da familia Casares, do **golpe de estado** do 18 de xullo de 1936 que desembocará na **Guerra Civil**.

Comentade entre todo o grupo que obras de **teatro** viron e cales son as súas **películas** favoritas. Quen non foi nunca ao teatro?

Alguén coñece a **María Casares**? E a **Albert Camus**? Breve explicación de ambos os dous como artistas e creacións/obras máis destacadas.

Despois da lectura



Cal cres que foi, para María, o máis duro dos dous exilios; o que a levou a Madrid ou a París? Por que?

Por que pensas que escolleu o teatro como medio de vida? Como sería se non se dedicase á interpretación?

Analizade o momento histórico da 'transición' española e expoñede teorías de por que María non regresou a España.

Como imaxinades que se sentiu María cando, despois de fuxir dun golpe de estado militar en España, lle toca vivir a convulsión da Segunda Guerra Mundial dende Francia?

Dende o comezo do seu romance, María coñecía a situación familiar de Albert Camus. Que beneficio sacaron ambos da súa relación e, polo contrario, como considerades que lles prexudicou ou afectou?

